

## DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AOS GASTOS DE NATUREZA CORRENTE, RELATIVOS AO MANTENIMENTO DO SISTEMA DE COMUNICACIÓNS DA POLICÍA LOCAL, Á ADQUISICIÓN DE KITS DE ANÁLISE DE DROGAS EN SALIVA, ASÍ COMO AO PAGAMENTO DE TAXAS Á XUNTA DE GALICIA RELATIVAS Á VERIFICACIÓN DO ETILÓMETRO E SONÓMETRO DO SERVIZO AO SEU CARGO.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 35-2021, por un importe total de 20.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2021, para dar cobertura aos gastos de natureza corrente, relativos ao mantemento do sistema de comunicacións da Policía Local, á adquisición de kits de análise de drogas en saliva, así como ao pagamento de taxas á Xunta de Galicia relativas á verificación do etilómetro e sonómetro do servizo ao seu cargo.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2021/1499 de data 23/09/2021, así como RCMOD: 2021/66575 de data 22/09/2021, por importe de 20.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

**Primeiro.** Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 20.000,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
13200.12101	20.000,00 €	13200.22699	20.000,00 €
<b>TOTAL CRÉDITO CEDIDO</b>	<b>20.000,00 €</b>	<b>TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO</b>	<b>20.000,00 €</b>

## INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac8632099238870602842.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 35-2021 Gastos urgentes Policía Local

**Segundo.** Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.